

O Ceramista Fernando Arraz na Arxentina

Loli Beloso Neira



Díaz Pardo e Arranz en Buenos Aires

É lamentable, deprimente que a día de hoxe a maioría dos nosos artistas teñan que irse a outros países para que a súa obra sexa valorada, recoñecida. Como é posible que nestes tempos séguense a cumprir os ditos: "Ninguén é profeta na súa terra" ou "os artistas uns mortos de fame".

Pensem: que sería dun pobo sen poetas, músicos, pintores, ceramistas, escultores, escritores... que sería? NADA. Si, sería un pobo tristeiro, pobre, baleiro.

Esta terrible experiencia sufríuna na súa propia carne o madrileño Fernando Arranz, un dos mellores ceramistas do mundo segundo Isaac Díaz Pardo quen nun dos primeiros libros que escribiu e publicou na súa editorial, Edicios do Castro, "El Ceramista Arranz y su Escuela" conta que Fernando Arranz López nace o 23 de decembro de 1887 en Madrid. Tería tres ou catro anos cando a súa familia se traslada a Segovia, alí seu pai foi o dono dun restaurante na estación do ferrocarril.

Con catorce anos comeza a interesarse pola cerámica e entra a traballar no taller do xenial ceramista Daniel

Zuloaga en Segovia. Axiña, emancíbase para perfeccionarse e para elo traballa nas fábricas de Talavera de la Reina, Valencia, Manises lugares de moita tradición na arte da cerámica. No ano 1920 regresa a Segovia e abre un estudo nunha capela barroca que estaba fronte ao Alcázar. Fai numerosas exposicións. Moi interesante a Exposición Internacional de Artes Decorativas de París onde pasa tres meses becado polo Ministerio Español de Instrucción Pública.

O taller de Arranz convértese nun centro de reunión de profesores, periodistas, artistas; o escultor Emiliano Barral era un dos que a miúdo pasaba por alí (co tempo chegou a ser cuñado del pois casou coa súa irmá Elvira), tamén escritores como Azorín, Juan de la Encina, Valle Inclán, Antonio Machado... creando deste xeito un fantástico ambiente intelectual.

No 1927 consegue outra beca para expoñer as súas obras en Río de Janeiro, Brasil, Montevideo, Uruguay e Buenos Aires. Acadar unha beca desta categoría era unha honra xa que neses tempos as pezas de cerámica non se valoraban.

Estamos no ano 1928 cando decide embarcar con 200 obras con destino a cidade porteña. Expón na Sala Tercera de los "Amigos del Arte" que se atopaba no centro da cidade bonaerense. Dita mostra obtén un éxito rotundo. A arte da cerámica artística era unha novidade xa que neste país tanto os críticos como os amantes da arte estaban acostumados a ver obras de alta calidade de artistas plásticos e de escultores



arxentinos. Unha vez finalizada a exposición o noso ceramista esperaba que o Ministerio de Instrucción Pública Española lle ía enviar o billete de volta para regresar a España cousa que non sucede; pero isto vai ser unha sorte para el. Daquela escribe unhas palabras que son unha durísima realidade nos tempos nos que vivimos: "He visto obras de excelentes maestros de España y ser poco estimadas, y así juzgo que España es madre piadosa de los forasteros y crudelísima madrastra de sus propios naturales. Yo me hallo en esta ciudad muy admitido, estimado y pagadas mis obras a toda satisfacción mía y así seguiré el adagio de mi tierra": "Qui be estiga que no 's miga" (El que esté bien no se mueva)

No 1931 funda a primeira escola de cerámica na Academia Provincial de Belas Artes de Córdoba (Argentina) a petición do gobernador desta provincia quen o nomea director da Escola Provincial desta cidade.

Outra obra que levaría a cabo foi a Escola Nacional de Cerámica Nº 1 Bulnes 45 en Buenos Aires que se inaugura o 9 de Abril de 1940 cun grupo de oitenta alumnos sendo el

o seu primeiro director. Encárgase totalmente do deseño, das intalacións da maquinaria, dos fornos, das aulas... aquí tiña o seu taller particular e casa onde o visitaba outro extraordinario ceramista, estou a falar de Isaac Díaz Pardo, este, ás veces, paraba no seu fogar. Os dous fanse bos amigos compartían os seus coñecementos. Arranz era un dos cento cincuenta accionistas de Celtia, a fábrica de porcelanas que Isaac fundara cos nosos exiliados entre eles Luís Seoane en Magdalena, a 108 Kms de Buenos Aires no 1955.

Todos os anos Arranz e os seus estudantes organizaban exposicións en galerías de arte de prestixio así como tamén no Museo Nacional de Belas Artes de Buenos Aires. Todo o recadado pola venda repartíase entre os alumnos participantes. As mostras eran un éxito total. Vendían todo o primeiro día.

Casa no 1943 con Cecilia Valladolid, de pais vascos franceses e alumna del. Tiveron dous fillos: Jorge Fernando e Nicolás Valentín. A súa muller era unha excelente artista, chegaron a facer obras xuntos. Morreu moi nova de cancro polo que a nai dela e unha amiga e discípula del, a profesora danesa Tove Johanse, axudáronlle a criar aos nenos. De maior esta ceramista foise a vivir aos Estados Unidos.



Portouse moi ben con España xa que doou unha importante colección de obras do seu compañeiro e mestre ao Museo de Segovia, era un xeito de voltar Arranz ao seu berce xa que como emigrante non puido. De feito, no 1939 debido aos resultados da Guerra Civil nacionalizouse arxentino. As guerras só traen traxedias!

Da súa Escola saíron importantes ceramistas americanos como Lucio Fontán, fundador da Escola de Cerámica de Colombia, Antonio Madero, Alicia Sagardía, a nosa Elena Colmeiro e a danesa Tove Johansen que era a súa man dereita.

Na Escola de Bulnes o pasado agosto tiven a honra de presentar por primeira vez a miña colección de xoias solidarias " Veleiros de bos sentimentos de Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias " e tamén un dos bolsos feito con tecidos e encaixes recuperados, (este confeccionouse con liño sementado pola miña avoa María na aldea de

Millán, Touro, polos anos 36-40) engalonado con incrustacións de anaquiños de pratos de porcelana feita no exilio na fábrica mencionada. A verdade é que foi unha experiencia marabillosa, enriquecedora, xamais esqueceré o cariño e xentileza do profesorado, exprofesores, exalumnos de Arranz e estudantes deste centro para comigo. A ilusión e o bo ambiente que alí se respira dá vida, dá forzas para seguir loitando. Sintese que Arranz e Díaz Pardo seguen vivos. Sintese que non se foron. As persoas que están baixo este teito teñen un corazón tan grande que unha vez que pos os pés neste centro, onde todos os seus recunchos rebosan boas emocións, non queres sair dalí. A min encantárame aínda que tan só fora pasar unha noite alí. Teño a certeza de que a lúa e as estrelas me ían traer a Arranz e a Isaac. Ufff! Quen me dera! Conseguiréino? Nunca se sabe! Ao mellor!! Boh! Como me dicía a mamá: " Xa estás soñando?" Soñar é o único que nos fai libres. Soñar é o único vieiro que nos leva a acadar o que nos propoñamos.

O goberno arxentino gozaba da confianza plena de Arranz polo que lle encargou facer escolas de cerámica noutros puntos do país como: Mendoza, Tucumán, en la Plata, Jujuy (provincia de Jujuy) y Chilcico en la Rioja, provincia de Rioja, en Mar del Plata. En total sete. Dedicou a súa vida a ensinar e a difundir na Arxentina a arte da cerámica e os seus procesos alfareiros.

Foi ademais un magnífico debuxante, gravador, realizou grandes murais de cerámica, asemade mestre de vidro e deseñador de vitrales. Facía uns esmaltes que eran unhas verdadeiras xoias. Arranz levou á tumba a fórmula das coloracións.- Di Camilo, o fillo de Díaz Pardo. Colaboraba cos mellores artistas arxentinos ou os que estaban arraigados alí como Luís Seoane.





Mentres viviu en España a súa obra estivo moi influenciada polo seu mestre Zuloaga e tamén polo escultor Emiliano Barral con quen colaborou nunha colección de peñas escultóricas. Logo na Arxentina tirou cara ao vangardismo da primeira metade do século xx evolucionando da Art Decó ao constructivismo da "Escola do Sur" fundada por Joaquin Torres García e tamén á obra poscubista de Picasso e o figurativismo de Seoane.

Hai que recoñecer que os comezos non foron doados para este magnífico artista na Arxentina quen tivo que empeñar en varias ocasións unha pesada cadea de ouro, agasallo que un día seu pai lle fixera, pero ás veces no camiño da vida atopamos mans agarimosas que nos axudan a saír, a avanzar, este tipo de persoas dan sentido á vida e el atopou un mestre arxentino quen lle ofreceu a súa casa e ademais lle instala un forno e a partir de entón con esforzo e ilusión fixo cousas extraordinarias para todos. A súa obra segue nas exemplares Escolas que el con tanto entusiasmo fundou e que a pesar da situación económica e política pola que están a vivir van para adiante grazas

ao esforzo dos docentes. É admirable como traballan, como se desviven en inculcar valores e interese pola cultura, pola lectura... aos rapaces e ás rapazas dende pequerrechos. É tan importante achar persoas comprometidas! É como se acharas un tesouro! Acaso, non é verdade?

A min encántame viaxar ao país do tango polo bo ambiente cultural que se vive e tamén polas boas persoas que o habitan.

Desexo de corazón que a Arxentina recobre o esplendor que hai moitos anos tivo. Os arxentinos mereceno, xa que son un pobo cálido, solidario, culto... extraordinario. Para os galegos é a nosa segunda patria acudíronnos cando máis o necesitabamos. Botemos unha ollada ao noso pasado.

Lembremos as palabras de Díaz Pardo: "A obra cerámica de Arranz de ser recoñecida en España sería hoxe un referente da mellor cerámica do mundo. Pero esta posibilidade, que se perdeu xa, necesitaría unha comprensión de determinados sectores que xamais tivo".



En fin... unha vez máis un país extranxeiro beneficiase do talento dun español. Ata cando imos seguir así? Ata cando imos consentir que os nosos cerebros se vexan na obriga de fuxir? Ata cando este drama?

Arranz morreo o 7 de xuño do 1967, deixou escrito que espallaran as súas cinzas no río da Plata. Sería coa intención de voltar ao seu lar? O desexo de todo emigrante é poder voltar. Teño a certeza de que el devecía por retornar. Non si?

E... eu, mentres me queiran, penso visitar as Escolas do insigne Mestre Arranz e tamén ao Museo de Magdalena onde andan ceibes os bos sentimentos de Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, Neira Vilas, Arranz, Mimina, Maruxa, Anisia, Cecilia Valladolid... en fin persoas xenerosas que se desvivían polos demais.

Dende aquí quero agradecer a Valeria, xefe de talleres, Alejandra, directora, Analia, vicedirectora, Sergio, secretario. Aos profesores e artistas: Alex Cuéllar, Jorge Bangueses, Rosa e a todos os alumnos e demais profesorado da Escola Nacional Nº 1 de Buenos Aires o seu cariño para comigo.

Asemade, grazas ao concello e ao Departamento de Cultura e Museo de Magdalena pola súa xentileza e agarimo.

Tamén Infinita gratitude a Alfredo Pozzoli director da galería Buenos Aires Sur San Telmo. CABA por tratarme tan ben e polo seu interese pola miña obra.

Apertas grandes ao colexio Santiago Apóstol e a Carlos Brandeiro por recibirme sempre cos brazos abertos.

A todos lévoos no meu corazón.